



FERVENZAS DO RÍO CABE

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 22 km (A Pobra do Brollón-A Airela)
1,5 km a pé

Dificultade: baixa

Duración: 2 horas



Unha ruta seguindo o río Cabe entre O Incio e Pacios da Veiga (A Pobra do Brollón).

1-Airela

No rego de Tras da Devesa, afluente do Antiga, unha das cabeceiras do Cabe. A ferverza está reforzada por un atranco e ten 4 m de altura. Nas proximidades atópanse os restos dun acueduto.

COMO CHEGAR:

Na estrada do Incio ao Courel, despois de pasar Ferreira e antes de chegar á Airela, á esquerda da estrada.

2-Arnado

No río Cabe, no Incio.

A ferverza atópase modificada por un atranco. Ten uns 5 m de altura.

COMO CHEGAR:

Na estrada do Incio ao Courel, un pouco despois de cruzar o Cabe aparece un cruce que indica San Miguel, onde hai unha cabana de madeira. A ferverza atópase un pouco máis abaixo no río.

3-San Pedro do Incio

En San Pedro do Incio (O Incio).

O río Cabe salva un desnivel que está rodeado dun muro en xistos e lousas de arredor de 4 m de altura.

COMO CHEGAR:


Pódese acceder desde o campo que hai ao pé da Igrexa seguindo río abaixo uns poucos metros.

4-Pacios da Veiga

No río Cabe na Veiga (A Pobra do Brollón). Mide arredor de 8 m de altura e está reforzada cun atranco.

COMO CHEGAR:

Na estrada que vai da Pobra de Brollón á Cruz do Incio, pasado Pacios da Veiga e antes de Biduedo. Vese á dereita da estrada e xusto despois dunha curva pechada báixase polo medio dun soto, con moita pendente.



Airela



Arnado



San Pedro do Incio



Pacios da Veiga